

TEMA 1. A NOVA MONARQUÍA DOS REIS CATÓLICOS

Isabel e Fernando, ambos da familia ou dinastía **Trastámara** (xa que eran primos segundos) contraeron matrimonio en **1469**, cando aínda non accederan aos seus respectivos tronos.

Fernando herdou a **Coroa de Aragón** de forma natural, ao morrer seu pai (o rei **Juan II**); pero **Isabel** era irmá do rei de **Castilla Enrique IV**, e este deixou o trono á súa filla **Juana**, polo que á morte deste **Isabel** declaroulle a guerra á que era a súa propia sobriña, á que chamou interesadamente “**a Beltranexa**”, dando así a entender que era filla ilexítima. Esta **guerra civil** pola sucesión rematou coa derrota do bando de **Juana** na **batalla de Toro (1476)**, quen, no **Tratado de Alcaçovas**, aceptou a súa renuncia ao trono, quedando recluída nun convento.

Así, en **1479**, dez anos despois de terse casado, é cando ambos ocupan xa os seus respectivos tronos.

A súa unión matrimonial non significou a unión política dos seus reinos, que seguiron independentes, senón que **foi unha unión dinástica**, pola que ambos reinos pasaron a estar en mans dos **Trastámara**. E para regular ben esta situación, ambos consortes asinaron en **1475** a **Concordia de Segovia**, un documento que aseguraba a cada un o seu poder no seu respectivo reino (sendo correxente no do outro), e que se fixo sobre todo polo temor a que **Fernando**, por ser varón, acabase reinando en **Castilla**.

Nace aquí o que se denominaría a partir de entón como “**Monarquía Hispánica**”: un conxunto de territorios independentes, cada un coas súas leis, normas e institucións propias, pero que tiñan en común o feito de estar gobernados polos **Reis Católicos**, e de feito ambos fusionaron os seus emblemas persoais para poder usar un mesmo escudo.

Os historiadores consideran este reinado dos Reis Católicos (título que por certo lles concedeu o **Papa** por conquistar **Granada** e expulsar ao xudeos en 1492) como a transición dunha monarquía feudal (medieval) a unha máis forte e autoritaria (moderna), conseguindo reforzar o seu poder fronte ao da nobreza

Para logralo introduciron unha serie de reformas políticas e administrativas, sobre todo en **Castilla** (xa que en **Aragón** o rei estaba máis obrigado a pactar coas Cortes), entre as que debemos destacar:

O **Consello Real**, que era o órgano de consulta e de goberno dos reis, estaba formado por letrados (nobres e clero formados e da confianza dos monarcas), e organizado en diferentes consellos temáticos (Facenda, Xustiza...) e territoriais (Castilla, Aragón); ademais reforzouse coa creación da figura dun **Secretario Real**.

O **Vicerrei**, un delegado dos reis para aqueles territorios que tiñan leis e institucións propias, como Aragón ou Navarra (unida por Castilla en 1515); para territorios de menor rango, como Galicia, crearon un cargo similar, chamado **Gobernador** (visitaron Compostela en 1486, ordeando construír o Hospital de peregrinos na praza do Obradoiro).

Para as **ciudades de reguengo**, que non dependían dun señor senón directamente dos reis, creouse a figura do **Corrixidor**, que actuaba como representante dos monarcas, encargándose de manter a orde pública, de impartir xustiza e de controlar a vida municipal.

Para cambiar o modo de administrar xustiza, algo que ata entón facían os señores feudais, crearon as **Reais Audiencias de Valladolid e Granada**, ás que se sumarian outras (Sevilla, Galicia...), sempre co obxectivo de someter o poder dos nobres e poñelos baixo a autoridade real.

Ademais, creouse un tribunal relixioso, o da **Santa Inquisición**, para garantir a unidade relixiosa, denunciando aos herexes e vixiando especialmente aos **convertos*** e **mouriscos***, aos que vían sospeitosos de terse convertido falsamente ao cristianismo.

